

OS ANIMAIS INVERTEBRADOS:

Os animais invertebrados non teñen ósos. Algúns, como as ameixas, teñen unha cuncha dura que cobre o seu corpo; outros, como os cangrexos, teñen cuberta; e algúns, como o polbo, teñen o corpo espido. Todos os animais invertebrados son ovíparos.



Existen moitos grupos diferentes de invertebrados; entre eles están os insectos e os vermes.


- **Os insectos:** Todos os insectos, como as formigas, teñen cabeza, seis patas e dúas antenas. Moitos deles, como as bolboretas, tamén teñen ás.



- **Os vermes:** teñen o corpo brando e alongado e non teñen patas. Hai vermes que viven na terra, como a miñoca. Tamén hai vermes que viven na auga.



1) Marca os animais invertebrados.



2) Une con frechas.

Animais vertebrados.

Non teñen ósos nin columna vertebral.

Animais invertebrados.

Teñen un esqueleto de ósos no interior.

3) Que características teñen os vermes? Marca.

☐ Teñen o corpo brando.

☐ Non teñen patas.

☐ O seu corpo é alongado.

☐ Teñen ás.

4) Escribe o nome das partes do corpo deste insecto.



5) Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ Os animais vertebrados teñen columna vertebral.
- ☐ Os mamíferos e os anfibios son vertebrados.
- ☐ Os peixes son animais invertebrados.
- ☐ Os animais invertebrados non teñen ósos.

6) Como son os insectos? Marca.

- | | |
|---|--|
| ☐ Son animais vertebrados. | ☐ Teñen dúas antenas. |
| ☐ Son animais invertebrados. | ☐ Teñen dous cornos. |
| ☐ Teñen oito patas. | ☐ Todos os insectos teñen ás. |
| ☐ Teñen seis patas. | ☐ Moitos insectos teñen ás. |